

CONCELLO DE MEIRA
CIF.: P2702900H
Praza do Concello, s/n
27240 Meira (Lugo)
Teléfono: 982 330 102
Fax: 982 104 090
email:concello.de.meira @eidolocal.es

Resolución da alcaldía núm.: 243/2022

Visto que con data 25 de maio de 2022, se presenta oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) de Lugo, para a selección de un socorrista acuático mediante o sistema de concurso-oposición, de acordo coa orde do 7 de xaneiro de 2022, pola que se regulan as axudas e as subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para o ano 2022 .

Con data 27 de maio de 2022, o Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) remitiu a este concello o resultado da selección correspondente ao oferta 12-2022-5873, remitindo un candidato.

De conformidade coas bases da convocatoria aprobadas polo Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o día 16 de maio de 2022, e consonte coa Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 11/1999, de 21 de abril; polo presente,

RESOLVO:

Primeiro: nomear como tribunal cualificador o seguinte, de acordo coas bases da convocatoria:

- Presidente/a: Adrian Rodríguez Bello, socorrista acuático
- Vogais:
 - Fátima Cabanas Salgado, socorrista acuático
 - Manuel Carramal Silva, técnico Administración Local
 - Mercedes Fernández Moirón, Auxiliar Administrativo

-Secretario: a secretaria da corporacion, Pilar Rozas Alonso.

O tribunal non poderá actuar ou constituirse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do presidente e do secretario.

O tribunal actuará con suxeción ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

Segundo: publicar a composición do tribunal no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web.

Terceiro: A selección realizarase o **día 7 DE XUÑO DE 2022, ás 17:30 horas**, na Casa do Concello de Meira (deberán aportar a documentación acreditativa da titulación así como os méritos alegados, debendo vir provistos de equipamento de baño)



CONCELLO DE MEIRA
CIF.: P2702900H
Praza do Concello, s/n
27240 Meira (Lugo)
Teléfono: 982 330 102
Fax: 982 104 090
email:concello.de.meira @eidolocal.es

Decreta, manda e asina o señor alcalde, ante min a secretaria
Meira, 2 de xuño de 2022

O secretaria accidental
Pilar Rozas Alonso

O alcalde accidental
Agustín Méndez Moirón

